



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### BETANZOS

*Corrección bases que deben rexer a convocatoria e o proceso de estabilización da praza de orientador/a laboral*

#### ASUNTO: CORRECCIÓN BASES QUE DEBEN REXER A CONVOCATORIA E O PROCESO DE ESTABILIZACIÓN DO PERSOAL CONCURSO

**EXPEDIENTE: 2022/E001/000007**

No Boletín Oficial da Provincia núm. 238, de data 19 de decembro, publicáronse as Bases Xerais e Específicas que rexerán os procesos de estabilización de emprego público temporal para a postos incluídos na oferta extraordinaria de estabilización do pasado 13 de maio de 2022, entre as cales se atopa a de cubrir unha praza de persoal laboral fixo de Orientador laboral.

Visto o recurso de reposición do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia fronte as bases que deben rexer a convocatoria e o proceso de estabilización do emprego do concello de Betanzos, no apartado das bases específicas da praza de orientador laboral publicadas no bop 19-12-2022, resolvéuse o seguinte:

PRIMEIRO. Correxir as bases específicas de orientador laboral no seguinte punto:

**Onde di:**

“a) Estar en posesión, ou en condicións de obter na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes, o título de grao universitario oficial, na especialidade de educación social ou equivalente.”

**Debe dicir:**

“a) Estar en posesión, ou en condicións de obter na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes, o título de grao universitario oficial, na especialidade de educación social, psicoloxía ou equivalente.”

O que se fai público para xeral coñecemento e os efectos oportunos.

SEGUNDO. Anular a actual convocatoria actual do posto.

TERCEIRO. Proceder ao inicio do novo prazo de presentación de solicitudes a partir da publicación deste anuncio no BOE.

Betanzos, 26.01.2023

A alcaldesa

María Barral Varela